



## **Circular FIN DE CURSO 2020/2021**

Estimadas familias:

Achegámoslles varias informacións que poden ser do seu interese.

### **1. Axudas para a adquisición de libros de texto, axudas para material escolar e axudas de fondo solidario de libros de texto**

Tal e como se recollía na información que se lles enviou ás familias, lembráselles que:

- O prazo para a presentación de solicitudes de axuda remata o día 22 de xuño.
- A entrega dos vales para adquisición de libros e para adquisición de material escolar ás familias será do 19 ao 23 de xullo, ambos os dous inclusive, seguindo a orde de presentación das solicitudes. (cita previa telefónica)
- A relación provisional de solicitudes de fondo de libros admitidas e, de ser o caso, a de excluídas, publicarase no centro antes do 9 de xullo de 2021. A relación definitiva publicarase antes do 20 de xullo.
- O centro entregará os libros de texto do fondo asignados ao alumnado ao inicio do curso 2021/22.

### **2. Relación de libros de texto.**

A Relación de libros de texto para o curso 2021/2022 está publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do colexio desde o día 15 de xuño.

### **3. Material de aula.**

Co obxectivo de que as familias fagan unha compra o máis axustada posible ás necesidades e non compren material innecesario ou teñan que comprar despois outro diferente, publicarase a listaxe de material en setembro.

### **4. Período de formalización de matrícula**

O prazo de formalización de matrícula, só para o alumnado de nova incorporación ao centro, será do 20 ao 30 de xuño, ambos os dous inclusive. A tramitación dos documentos debe realizarse en horario de secretaría.

### **5. Reunión de familias do alumnado que se matricula en 4º de E. Infantil e 1º de E. Primaria**

Durante a primeira semana de setembro, antes do inicio de curso, se a situación sanitaria o permite, realizarase unha reunión de familias de 4º de E. Infantil e outra de 1º de E. Primaria. Serán anunciadas na páxina web.

### **6. Historial académico de E. Primaria**

As familias do alumnado que remata os seus estudos de E. Primaria, poden pasar a recoller o historial académico dos seus fillos e fillas entre o 12 e o 16 de xullo, ambos os dous inclusive, e en horario de secretaría, e solicitando cita telefónica.

### **7. Calendario escolar curso 2021-2022**

A proposta de calendario escolar para o curso 2021-2022 é a seguinte:

- a) O período lectivo para o próximo curso 2021-22 abranguerá dende o día 9 de setembro de 2021 ata o día 22 de xuño de 2022, ambos inclusive, e contará cos seguintes períodos de vacacións:
  - Nadal, do 22 de decembro de 2021 ata o 7 de xaneiro de 2022, ambos inclusive.
  - Entroido, os días 28 de febreiro, 1 e 2 de marzo de 2022.
  - Semana Santa, desde o día 11 ata o 18 de abril de 2022, ambos inclusive.
- b) Será igualmente non lectivo o 11 de outubro de 2021, declarado Día do Ensino. Quedan por aprobar, por parte do Consello Escolar, os dous días non lectivos de libre elección.
- c) A xornada escolar será a mesma durante todo o curso, de 09'00 a 14'00 horas, agás para o alumnado do 4º nivel de E. Infantil, que terán unha xornada reducida no período de adaptación do mes de setembro.

Betanzos, 14 de xuño de 2021.  
O equipo directivo